



BASES REGULADORAS DA 11ª EDICIÓN DO CONCURSO SABORES DE OURENSE – PINCHOS DE OUTONO 2018

1. OBXECTO

O Concello de Ourense, a través da Concellería de Turismo e Termalismo, e a Unión de Hosteleros Ourenseiros (UHO), organizan a acción promocional “Sabores de Ourense – Pinchos de Outono 2018” coa finalidade de achegar e dar a coñecer a riqueza gastronómica da cidade e as distintas propostas dos establecementos hostaleiros entre os cidadáns e visitantes de Ourense.

O concurso terá lugar do **5 ao 18 de novembro de 2018**.

A inscrición neste concurso supón a aceptación das presentes condicións de participación, así como das eventuais instrucións que adopte a organización.

2. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar no concurso os establecementos hostaleiros do concello de Ourense que ofrezan habitualmente pinchos aos seus clientes, que estean legalmente establecidos de xeito previo á convocatoria do concurso e que realicen a súa inscrición no prazo e forma detallados nestas bases.

A data límite de inscrición será o día **8 de outubro de 2018**.

A inscrición implica o pago dunha cota obrigatoria de 50 €.

A inscrición realízase a través dun formulario de inscrición que figura como ANEXO I a estas bases. O formulario de inscrición estará dispoñible nas webs www.ourense.gal e www.saboresdeourense.turismodeourense.gal.

A UHO recollerá dentro do prazo estipulado as fichas de inscrición, que deberán estar debidamente cubertas, facilitando os datos e información que se solicitan. A UHO entregará todas as fichas nas dependencias da Concellería de Turismo e Termalismo na data límite do 9 de outubro.

3. OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Cada establecemento poderá participar presentando un único pincho ao concurso, que deberá incorporar como ingredientes cogomelos e/ou castañas.

De acordo do co Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, os establecementos de restauración teñen a obriga de informar ao consumidor sobre as posibles sustancias alérxicas que conteñan os seus pratos. O hostaleiro será o



responsable de informar na ficha de inscrición dos alérxenos que inclúe o pincho e se é apto ou non apto para celíacos (presenza de glute).

Ningún pincho participante poderá ter un prezo de venda superior aos 2,50 € (IVE incluído).

O establecemento non poderá modificar a elaboración ou prezo do pincho durante o período de duración do concurso. O pincho a venda deberá ser sempre idéntico ao da fotografía que se lle faga para incluír nas imaxes promocionais do certame. O non cumprimento deste requisito pode ser motivo de eliminación nesta edición e/ou veto nas seguintes.

Non se admitirá un pincho que xa fora presentado en edicións anteriores do concurso Sabores de Ourense.

Os establecementos deberán indicar o horario no que terán os pinchos concursantes a disposición do público e garantir a súa dispoñibilidade. O non cumprimento deste requisito pode ser motivo de eliminación nesta edición e/ou veto nas seguintes.

Os establecemento están obrigados a dispoñer de forma gratuíta o pincho concursante e unha consumición para o experto avaliador do Xurado de aproximación.

Os establecemento están obrigados a recibir e custodiar as urnas e materiais promocionais que se lles faciliten, así como a entregar as urnas coas papeletas unha vez rematado o concurso.

Os establecementos participantes deberán facilitar os datos do número de pinchos vendidos para elaborar un informe final, así como colaborar coa enquisa de valoración do evento.

4. PREMIOS

Os premios do concurso serán distincións honoríficas que se outorgarán conforme ás puntuacións obtidas polas sucesivas votacións dos consumidores e xurados. Os establecementos premiados e finalistas tamén poderán optar a participar nas campañas e eventos de promoción gastronómica que organicen durante todo o ano a Concellería de Turismo e a UHO baixo a marca #saboresdeourense, e a participar no restaurante do que dispoña, no seu caso, o Concello de Ourense na feira gastronómica Xantar.

O establecemento gañador do 1º premio na categoría Xurado Profesional será o representante da cidade de Ourense na vindeira edición do concurso autonómico De Tapas por Galicia.

Un mesmo pincho pode obter máis dun premio.

Os diferentes tipos de premios que se concederán son:



- 3 premios do Xurado Profesional
- 3 premios do Público
- 1 premio Pincho Celíaco

4.a. PREMIOS DO XURADO PROFESIONAL

COMISIÓN AVALIADORA E ESCOLLA DOS FINALISTAS

A organización do concurso designará unha comisión avaliadora ou xurado de aproximación para seleccionar os dez pinchos finalistas que competirán na categoría do Xurado Profesional.

Durante os primeiros 11 días do concurso (do 5 ao 15 de novembro) esta comisión percorrerá todos os establecementos participantes para puntuar os pinchos presentados dentro do horario establecido na ficha de inscrición.

Os establecementos deberán dispoñer de forma gratuíta o pincho e unha consumición para o experto, e deberán selar ou asinar unha acta para dar fe da súa avaliación. O incumprimento deste punto, incluíndo a non dispoñibilidade do pincho de xeito reiterado, poderá supor unha puntuación de cero (0).

O obxectivo nesta primeira rolda é determinar aos finalistas. Para iso valorarase o pincho concedéndolle de 1 a 5 puntos (sendo 1 a menor puntuación, e 5 a maior) de acordo cos seguintes criterios:

- Presentación
- Elaboración
- Sabor
- Emprego das materias primas
- Relación calidade-prezo

Unha vez que a comisión avalíase a todos os participantes, procederase ao recuento de votos. A súa decisión será inapelable. Os 10 establecementos que acaden a maior puntuación serán nomeados finalistas do certame, o que se lles comunicará a maior brevidade posible.

VOTACIÓN DOS FINALISTAS E CONCESIÓN DOS PREMIOS

A votación do xurado profesional realizará o día 19 de novembro no lugar e hora que a organización do concurso determine e comunique previamente.

Ese días, os establecementos finalistas deberán acudir ao lugar da votación para elaborar, montar e presentar ante o Xurado o seu pincho.

Este Xurado darase a coñecer nese mesmo acto, e elixirá os 3 mellores pinchos mediante votación en sesión colectiva seguindo os mesmos criterios que a comisión avaliadora. A súa decisión será inapelable.



O fallo do xurado farase público neste acto.

4.b. PREMIOS DO PÚBLICO

O Premio do Público consiste no recoñecemento popular que outorgarán os clientes dos establecementos participantes, emitindo o seu voto a través das papeletas de votación que haberá en cada local participante. Os establecementos que participen na promoción “Sabores de Ourense – Pinchos de Outono 2018” recibirán unhas urnas de votación co seu correspondente precinto, nas que se introducirán as papeletas. Resultarán gañadores os tres pinchos que obteñan o maior número de votos tras recontar os votos emitidos nos locais participantes.

Entre os días 19 e 21 de novembro a organización recollerá as urnas facilitadas aos establecementos participantes para proceder ao recuento de votos. Se algún dos establecementos participantes estivese pechado nesas datas, deberá poñerse en contacto coa organización para a recollida da urna. É obriga dos establecementos a devolución das urnas de participación, pois o seu contido está sometido ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril relativo á protección das persoas físicas. De non cumprir este requisito, a organización poderá decidir que o establecemento perda os dereitos de participación e que sexan anuladas as papeletas desas urnas, sen que o establecemento recupere o importe da cota de inscrición.

A organización non aceptará urnas manipuladas, nin cupóns de votación indebidamente cubertos ou duplicados, sendo neste caso declarados nulos. Ante calquera manipulación ou dúbida sobre o estado do precinto ou o contido da urna durante o período de duración do concurso, a organización poderá decidir que o establecemento perda os dereitos de participación e que sexan anuladas as papeletas, sen posibilidade de que o establecemento recupere o importe da cota de inscrición.

Entre os días 19 e 21 de novembro iniciarase nas dependencias da Concellería de Turismo e Termalismo a apertura das urnas e o recuento das papeletas. Ao finalizar o recuento, asinarase a correspondente acta co resultado das votacións.

A entrega de premios terá lugar o 23 de novembro, no lugar e hora que a organización do concurso determine e comunique previamente.

4.c. PREMIO PINCHO CELÍACO

Poderán optar ao premio Pincho Celíaco todos os pinchos que non empreguen glute na súa elaboración e polo tanto sexan aptos para celíacos; deberán indicalo debidamente ao cubrir a ficha de inscrición.

A delegación ourensá da Asociación de Celíacos de Galicia comprobará que os pinchos candidatos cumpren os requisitos e nomeará un xurado propio que elixirá o pincho gañador.



5. CONDICIÓN APLICABLES AO PÚBLICO PARTICIPANTE

Poderán participar todos os cidadáns e usuarios que acudan aos establecementos inscritos na promoción “Sabores de Ourense – Pinchos de Outono 2018” que cumpran os seguintes requisitos: ser maiores de idade, degustar polo menos tres pinchos e cubrir unha papeleta de votación.

Cada consumidor dun pincho participante poderá obter papeletas de puntuación e posterior votación en calquera dos establecementos participantes.

Unha vez consumido o pincho inscrito no concurso “Sabores de Ourense – Pinchos de Outono 2018”, o cliente deberá pedir que a súa papeleta de votación sexa selada polo establecemento ou, no seu defecto, asinada polo responsable do mesmo.

O cliente escribirá na papeleta o nome do pincho ou establecemento que considera como gañador de entre os tres que aparecen selados na papeleta. Ata que unha papeleta non teña tres selos ou sinaturas de distintos establecementos, o cliente non poderá depositala nunha das urnas de votación do concurso. En calquera caso, as papeletas que non teñan os tres selos ou sinaturas distintas non serán válidas.

Cada papeleta debidamente cuberta e depositada nunha urna de votación entrará no sorteo dunha serie de premios promocionais que se concederán co obxecto de recompensar e impulsar a participación do público. A organización do concurso determinará e informará oportunamente da lista de premios adscritos a esta promoción así como da data e lugar do sorteo.

Non hai limite na participación por cliente, o único requisito é que cada papeleta debe ter selos e certificados de tres establecementos distintos para ser válida. Este é un requisito imprescindible para considerar válida a papeleta, tanto para ter en conta na votación do premio do público, como para o sorteo de premios para os clientes.

A organización resérvase o dereito de anular calquera participación ou a calquera participante, perdendo estes o dereito de recibir o premio, no caso de realizarse un uso fraudulento. Os gañadores serán elixidos mediante sorteo.

Os premios da presente promoción en ningún caso poderán ser obxecto de troco, cambio, alteración ou compensación a petición do gañador do seu importe en metálico nin por outros produtos e/ou servizos distintos dos que no seu caso corresponda.

A organización porase en contacto cos premiados/usuarios a través do número facilitado por estes nas papeletas. O período de reclamación da presente promoción finaliza transcorridos tres días a contar desde o día seguinte á data do sorteo.

De non localizarse algún ou algúns dos gañadores ou de renunciar o gañador ao premio, este perderá o seu dereito ao premio e a Concellería resérvase o dereito de proceder á entrega do premio a un suplente.



En ningún caso a organización se fará responsable dos gastos de desprazamento do gañador e posible acompañante ao lugar onde debe materializarse o premio. Ambas entidades quedan exentas de calquera responsabilidade polos danos derivados do uso do premio que puidesen sufrir o premiado ou terceiros, e non serán responsables das incidencias derivadas na execución da presente promoción por causas de forza maior.

6. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO EVENTO

O evento será publicado nas diferentes redes sociais.

O nome do establecemento e o pincho ofertado figurará nos folletos de difusión ao público en xeral. Así mesmo, en cada establecemento haberá folletos para o público participante.

Os datos dos participantes e a información escrita e gráfica xerada estará accesible na páxina web www.saboresdeourense.turismodeourense.gal.

MATERIAL PROMOCIONAL

A organización entregará a cada establecemento cartelería, folletos, urnas e cupóns de votación para o público. O establecemento deberá comprometerse a telos nun lugar visible e accesible aos seus clientes.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, os establecementos participantes deberán elaborar un pincho de mostra coa finalidade de que un fotógrafo da organización tome fotografía do pincho concursante, que será empregada para a súa mellor difusión e promoción nos distintos soportes promocionais e na web deste concurso. O establecemento e a organización establecerán un horario e día para a sesión fotográfica axeitado para ambos, sen atrasar a execución dos traballos.

Unha vez finalizado o concurso, os establecementos entregarán á organización as urnas e material sobrante.

7. NORMAS XERAIS

A participación na devandita promoción supón a aceptación das presentes bases así como a aceptación do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen durante o desenvolvemento do concurso.

A organización poderá realizar accións de supervisión de “mystery shopper” (supervisor de incógnito) a varios establecementos escollidos ao azar para valorar e comprobar o seu compromiso real co concurso (cumprimentos de horarios, condicións do pincho, etc.).

En beneficio de todos os participantes e o bo desenvolvemento do concurso, a organización poderá descualificar e deixar fóra de concurso aos establecementos que incumpran algunha destas bases. Os devanditos establecementos poderán ser excluídos de vindeiras edición deste concurso ou de accións similares no futuro.



En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril relativo á protección das persoas físicas, a organización informa de que os datos que se faciliten para participar nesta promoción, xunto cos que se faciliten en caso de resultar premiados, son necesarios para participar na promoción, e o seu tratamento está limitado ao fin establecido nas bases e só durante o tempo preciso para levala a cabo.

Calquera dúbida será atendida pola Concellería de Turismo e Termalismo de Ourense ou Unión de Hosteleros Ourenseiros (UHO).